



Nas fotos, unha vivenda construída con criterios bioclimáticos. Á esquerda, detalle do interior e á dereita, vista parcial do exterior

A sostenibilidade na construción chámase arquitectura bioclimática

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia organizou en Santiago as duodécimas Xornadas de Arquitectura Bioclimática, que se celebraron durante catro fins de semana e nas que participaron varios expertos de diferentes disciplinas e profesións

Redacción

■ As duodécimas Xornadas de Arquitectura Bioclimática, celebradas en Santiago e organizadas pola delegación compostelá do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, (COAG) contaron coa participación de varios expertos de diferentes disciplinas e profesións que reflexionaron sobre as posibilidades e solucións bioclimáticas na arquitectura actual. O coordinador das xornadas foi Federico López Taetzel.

Segundo puntualizou López Taetzel, coa arquitectura bioclimática pódese contribuír a paliar o problema enerxético: «Non é unha solución global, pero coa suma dos avances técnicos e do aproveitamento dos recursos naturais podemos reducir o consumo enerxético».

As xornadas desenvolvéronse en relación aos seguintes temas: obras e proxectos con criterios de deseño bioclimático; instrumentos para o control do deseño bioclimático; conceptos teóricos sobre enerxía; urbanismo sostible; e actualización técnica.

No primeiro tema mostráronse obras e proxectos do estudo Lamela de arquitectura e urbanismo, e do estudo Exe Arquitectura,

Antonio Lamela realizou un breve resumo da extensa produción arquitectónica do seu estudio, poñendo especial énfase na necesidade de «proxectar con coherencia e rigor», respectando as necesidades do cliente e alonxándose de modas vanais e temporais. Entre outras construcións e exemplos, Lamela subliñou as características bioclimáticas e sustentables do centro de atención para enfermos de alzheimer de Madrid e da ampliación do aeroporto de Barajas.

O segundo tema foi exposto pola arquitecta María López

de Asiaín, quen falou do uso das ferramentas para o deseño bioclimático, destacando os climogramas, mediante os que se melloran as condicións de confort dun edificio.

O terceiro tema foi abordado polo catedrático do Departamento de Enxeñaría Química da USC, Manuel Bao. Presentou sucintamente o panorama xeral do problema enerxético, centrándose no uso da enerxía na edificación. Detallou as distintas fontes existentes e o seu nivel de desenvolvemento actual (solar, eólica, xeotérmica, mareas, olas, biomasa, nuclear,

hidróxeno, hidrocarburos, eléctrica, etcétera). Ao non existir na actualidade unha solución única e válida para todas as situacións, no campo da edificación os proxectos deben contemplar o problema enerxético de maneira que se aproveiten as condicións naturais ao máximo.

O cuarto tema, urbanismo sostible, foi exposto pola arquitecta Ester Higuera, que fixo referencia aos distintos instrumentos que existen para a súa implementación.

Higuera analizou os criterios para redactar Ordenanzas Ambientais, e explicou a súa aplicación na redacción das ordenanzas de Tres Cantos (Madrid). Explicou o concepto de Boas Prácticas, como aquelas actuacións que recollen recomendacións de intervención concretas, definidas con criterios bioclimáticos e de eficiencia enerxética e que se elaboran para a súa aplicación nun barrio ou cidade concreta, respondendo as súas necesidades específicas.

Finalmente, expuxo o contido de dous libros de recente publicación —*El reto de la ciudad habitable y sostenible* e *Buenas Prácticas en la arquitectura y el urbanismo*— nos que se profundizan todos eses conceptos.

■ ECOINNOVA CONSTRUCCIÓN

O COAG asina un convenio co ministerio e entra no programa estatal Empleaverde

■ O Colexio de Arquitectos vén de asinar un convenio co Ministerio de Medio Ambiente para formar parte do chamado programa Empleaverde 2007-2013, logo de presentar o proxecto Ecoinnova Construcción.

Empleaverde é unha iniciativa da Fundación Biodiversidad e xestionase a través da dotación económica do Programa Operativo Adaptabilidade y Empleo do Fondo Social Europeo. O programa plantexa o desenvolvemento

de proxectos que impulsen a eco-innovación: calquera forma de innovación que supoña un proceso significativo e demostrable cara ao desenvolvemento sostible, reducindo os impactos negativos sobre o medio e facendo un uso máis eficaz dos recursos, incluída a enerxía. Tamén se persigue aumentar as competencias dos traballadores en temas ambientais e de sostibilidade, e a modernización das empresas.

Industria organiza la Xornada Galega de Mentoring & Coaching

Redacción

■ La Consellería de Economía e Industria a través de BIC Galicia, y con la colaboración del Fondo Social Europeo y del Igape, ha organizado el próximo viernes 11 de diciembre la que será la primera Xornada Galega de Mentoring & Coaching, en el hotel A Quinta da Auga, en Santiago.

El mentoring es una herramienta de aprendizaje para las personas y las organizaciones, consistente en que una persona con probada experiencia (el mentor) guíe a otra (el mentorizado) a desarrollar su potencial para aplicarlo en distintas situaciones, incluidas las profesionales.

El coaching es el proceso mediante el cual el coach o entrenador y la persona o grupo implicados en el proceso buscan el camino más eficaz para alcanzar objetivos previamente fijados, usando sus propios recursos y habilidades. Los interesados en obtener más información pueden visitar la página www.redementores.com.

En la jornada convocada en Santiago participarán como ponentes algunos de los más importantes especialistas españoles, y a la clausura asistirá el conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra.

El sello «Software Legal 100%» ya suma un ciento de adhesiones

Redacción

■ Casi un ciento de empresas y asociaciones ya se han adherido a la II Campaña de Software Legal. «La adhesión al sello Software Legal 100% legal y al decálogo de buenas prácticas acredita el compromiso con el avance de la sociedad de la información», subrayan los impulsores. Entre los inscritos figuran el Centro Nacional de Aplicación de las TIC Basadas en Fuentes Abiertas; Microsoft; desarrolladores de soluciones basadas en código abierto como Andago Ingeniería, mayoristas como Diode o GTI, y empresas del sector de videojuegos como Viral Toys.

Más información en www.losossoftwarelegal.es.